

Lanzarote (1)

10 de outubro de 2025

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.37931.php>

Illa moura, nube seca apousentada onde as árbores non teñen morada nin a sabedoría do Edén espaxando os seus froitos da abundancia. Esa nube acugulada de engurras enche a illa de pedras inzadas de rugosidades polos rancores que o deus superior na montaña de todos os deuses lle propiciou como reprimenda e sanción, por escaparse e ausentarse neste Atlántico infindo combinando as mareas azuis coa inhóspita terra emerxida en illa moura.

Desa mourén quixo limpala despois concedéndolle uns ventos alisios soprando todo o ano cunha forza maligna e perversa, que como gadaña afiada, vai cortando alí onde empezan a rexurdir os signos vexetais que con forza queren emerxer da terra, manifestándose en cactos cheos de espiñas para que as criaturas non sexan quen de comelas e con depósitos de auga nos seus tecidos para poder botar man delas coa seca acusada entre as pedras mouras por días e días de calores e ventos extasiados entre a natureza exsangüe que quere un verdor que non lle deixan.